

# 1º de BAC

## Exercicios resoltos da semana do 16-20 de marzo

### A RAREZA DE CHAMARSE ALEXANDRE E NON ALEJANDRO

a) *Que tipo de exposición atopamos no texto seguinte? Xustifica a túa resposta*

A exposición é descritiva porque aporta datos e vai analizándoos e exemplificándoos co apoio de estudos (do INE), opinións (de expertos) ou comparacións (con outras épocas e nacionalidades).

b) *Comproba se cumpre a estrutura e os trazos formais e lingüísticos deste tipo de textos.*

A estrutura do texto é a seguinte: o primeiro parágrafo constitúe a introdución do tema, que comeza con exemplos comparativos e presenta o dato de que Galiza é a comunidade con menor uso de onomástica propia. O resto do texto constitúe o desenvolvemento e análise e non hai conclusión, pois remata dando un dato novo [*Nota bene*: pode aproveitarse para que o alumnado redacte un parágrafo que sirva como conclusión].

A estrutura é lineal e o texto está formalmente dividido en tres apartados: introdución con datos numéricos e comparativos, causas e evolución histórica. Os dous últimos teñen subtítulos.

Os trazos formais dos textos expositivos que atopamos son a definición clara do tema no titular e a orde e claridade na exposición que, como xa vimos, está dividida en apartados.

A nivel lingüístico, atopamos unha linguaxe clara e obxectiva, cun importante uso das oracións enunciativas, de termos precisos, verbos en P3, uso de exemplos concretos e datos exactos.

c) *Elabore unha pequena investigación e comprobade se os vosos datos coinciden cos do artigo. Coas conclusións a que cheguedes, elabore un texto expositivo.*

Resposta libre

## I. O VERBO (I)

1. **Cambia os verbos conxugados das seguintes oracións a pretérito de indicativo respectando a súa persoa gramatical.**

*Quero comer uns doces despois do xantar.*

**Quixen** comer uns doces despois do xantar.

*Hai moita xente que pode rematar axiña.*

**Houbo** moita xente que puido rematar axiña.

*Por fin poñen as luces na rúa.*

Por fin **puxeron** as luces na rúa.

*Aquí tes o que me pides.*

Aquí **tiveches** o que me **pediches**.

*Aínda que se enfadan ao final fan o que lles mandas.*

Aínda que se **enfadaron** ao final **fixeron** o que lles **mandaches**.

*Ela sae e dálles as grazas a todos os asistentes.*

Ela **saíu** e **deulles** as grazas a todos os asistentes.

*Estades enfermos por non coidarvos.*

**Estivestes** enfermos por non coidarvos.

*Por moito que diga Vítor, aquí non cabe máis nada.*

Por moito que **dixo** Vítor, aquí non **coubou** máis nada.

*Non che vale de nada se eles non o traen.*

Non che **valeu** de nada se eles non o **trouxeron**.

*Prácame convidalos a esta festa.*

**Próguenme** convidalos a esta festa.

## 2. Cambia as formas verbais a presente de indicativo respectando a persoa gramatical.

<i>Buliron tanto que non os demos atopado.</i>	<b>Bolen</b> tanto que non os <b>damos</b> atopado.
<i>A nena cubriu o can cunha manta vella e acudiu á chamada da nai.</i>	A nena <b>cobre</b> o can cunha manta vella e <b>acode</b> á chamada da nai.
<i>Todos che cuspiron e logo mentiron.</i>	Todos che <b>cospen</b> e logo <b>menten</b> .
<i>Vós criades as leñas e despois metíadesvos en leas.</i>	Vós <b>credes</b> as leñas e despois <b>metédesvos</b> en leas.
<i>Sentín moito a vosa ausencia.</i>	<b>Sinto</b> moito a vosa ausencia.
<i>Sempre que viña Maruxa xurdían problemas.</i>	Sempre que <b>vén</b> Maruxa <b>xorden</b> problemas.
<i>Ti seguiches o camiño da dereita e eu seguín o da esquerda.</i>	Ti <b>segues</b> o camiño da dereita e eu <b>sigo</b> o da esquerda.
<i>Nicolás sempre durmía toda a noite e logo mentíanos e dicíanos que non pegaba ollo.</i>	Nicolás sempre <b>dorme</b> toda a noite e logo <b>méntenos</b> e <b>dinos</b> que non <b>pega</b> ollo.
<i>Eu non moín o café, pois saín moi cedo e non me deu tempo.</i>	Eu non <b>moio</b> o café, pois <b>saio</b> moi cedo e non me <b>dá</b> tempo.
<i>Se acudiches á cita foi porque quixeches.</i>	Se <b>acodes</b> á cita é porque <b>queres</b> .

## 3. Introduce nas seguintes oracións a forma correspondente do presente de subxuntivo:

<i>Para que ... (CABER) todo nesta caixa, é mellor que o ... (POÑER) ordenado.</i>	Para que <b>caiba</b> todo nesta caixa, é mellor que o <b>poña/poñas/poñades...</b> ordenado.
<i>É mellor que ti ... (SABER) o que che espera e ... (TER) todo preparado antes de marcharmos.</i>	É mellor que ti <b>saibas</b> o que che espera e <b>teñas</b> todo preparado antes de marcharmos.
<i>Para que Marta ... (FACER) algo debes pedirlló ti.</i>	Para que Marta <b>faça</b> algo debes pedirlló ti.
<i>Quizais ... (SENTIR) agora a súa perda.</i>	Quizais <b>sinta/sintas/sintamos...</b> agora a súa perda.
<i>Aínda que todos ... (SUBIR) a axudarnos, pode que non nos ... (SAÍR) ben.</i>	Aínda que todos <b>suban</b> a axudarnos, pode que non nos <b>saia</b> ben.
<i>No caso de que non ninguén me ... (CRER) deberei defenderme.</i>	No caso de que ninguén me <b>crea</b> deberei defenderme.
<i>Xa sei que aínda que ... (HABER) moito traballo iredes ao cine igual.</i>	Xa sei que aínda que <b>haxa</b> moito traballo iredes ao cine igual.
<i>Espero que Olga me ... (QUERER) dicir a verdade.</i>	Espero que Olga me <b>queira</b> dicir a verdade.
<i>Como me ... (SEGUIR) pola rúa, botarei a correr.</i>	Como me <b> siga/sigas</b> .
<i>Oxalá nos ... (VALER) esta invitación para entrarmos na festa!</i>	Oxalá nos <b>valla</b> esta invitación para entrarmos na festa!

**4. Utiliza nas seguintes oracións o antepretérito de indicativo ou o pretérito de subxuntivo segundo conveña. De haber varias posibilidades, indícaaas.**

*Se eu ... (IR) de viaxe non esperaría tanto para mercar os billetes.*

*Quen ... (SER) libre daquela para facer o que ... (QUERER)!*

*Ao chegaren á casa xa ... (MARCHAR) a luz.*

*Aínda que Xana ... (PODER) non creo que o ... (FACER).*

*Xoán ... (ESTAR) no cárcere en diversas ocasións, pero non daba saído dos problemas.*

*En caso de que no banco che ... (PÓR) algún inconveniente, chamábasme.*

*Cando xa ... (PASAR) o tren lembrou enviarlle o paquete.*

*As organizadoras ... nos (PEDIR) que ... (ESCRIBIR) un discurso para o vindeiro acto.*

*Todos ... (MARCHAR) sen se despedir.*

*Para que Daniel ... (ARRANXAR) o problema, deberían explicarllo mellor.*

Se eu **fose** de viaxe non esperaría tanto para mercar os billetes.

Quen **fora/fose** libre daquela para facer o que **quixese**!

Ao chegaren á casa xa **marchara** a luz.

Aínda que Xana **puidese** non creo que o **fixese**.

Xoán **estivera** no cárcere en diversas ocasións, pero non daba saído dos problemas.

No caso de que no banco che **puxesen** algún inconveniente, chamábasme.

Cando xa **pasara** o tren lembrou enviarlle o paquete.

As organizadoras **pedíranos** que **escribísemos** un discurso para o vindeiro acto.

Todos **marcharan** sen se despedir.

Para que Daniel **arranxase** o problema, deberían explicarllo mellor.

**5. Indica os valores dos tempos verbais nas seguintes oracións. Clasifícaaas en regulares, semirregulares e irregulares.**

*Daquela comiamos doces todos os días.*

*Siga fumando, fumar adelgaza.*

*Se puidésemos entregar o traballo a próxima semana!*

*Canto valerá a moto que mercou Francisco?*

*Deus cho pague! Axudáchesnos cando máis o necesitabamos, pero non creo que Vítor cho agradeza tanto coma min.*

*No ano 1880 publícase Follas novas e en 1888 aparecerá O Divino Sainete.*

*Traédeme o último número da revista se ides á vila.*

*Onte díxome que marchaba a próxima semana para Lisboa.*

*Non me veñas con excusas, mañá terás que ir traballar.*

*Estás a perder o tempo e cando queiras telefonar a Xaquín seguro que xa levou el o encargo.*

*Tras a guerra civil española chegaría un longo período de represión.*

*Dentro de quince días volve Laura das vacacións.*

<u>FORMA VERBAL</u>	<u>TEMPO</u>	<u>VALOR</u>	<u>CLASIFICACIÓN</u>
<i>comiamos</i>	Copretérito	acción coincidente cun pasado / acción habitual	R
<i> siga</i>	Presente de Subxuntivo	mandato	S
<i>adelgaza</i>	Presente de Indicativo	permanente	R
<i>puidésemos</i>	Pretérito de Subxuntivo	desexo	I
<i>valerá</i>	Futuro de Indicativo	probabilidade	I
<i>mercou</i>	Pretérito de Indicativo	acción ant. á enunciación	R
<i>pague</i>	Presente de Subxuntivo	rogo, desexo	R
<i>axudáchesnos</i>	Pretérito de Indicativo	acción ant. á enunciación	R
<i>necesitabamos</i>	Copretérito	coincidencia cun pasado	R
<i>creo</i>	Presente de Indicativo	coincidencia coa enunciación	S
<i>agradeza</i>	Presente de Subxuntivo	coincid. co pres. ou posterior.	S
<i>publica</i>	Presente de Indicativo	histórico	R
<i>aparecerá</i>	Futuro de Indicativo	retrospectivo	S
<i>traede</i>	Imperativo	mandato	S

### Só para o alumnado de 1º B

Identifica e analiza morfoloxicamente as seguintes formas verbais:

*Comiches*    *Comeríamos*    *Suou*    *Fagades*    *Canto*

VERBO	TEMPO E MODO	RAÍZ	VOGAL TEMÁTICA	MORFEMA DE MODO E TEMPO	MORFEMA DE NÚMERO E PERSOA
Comiches	2 p do pretérito de indicativo	Com	i	-	ches
Comeríamos	4 p do pospretérito de indicativo	Com	e	ria	mos
Suou	3 p do pretérito de indicativo	Su	o	-	u
Fagades	5 p do presente de subxuntivo	Fag	-	a	des
Canto	1 p do presente de indicativo	Cant	-	-	o